

Acta do Consello Escolar

Acta do consello escolar extraordinario celebrado o **xoves día 18 de xaneiro de 2024**, ás 11:10 horas, na aula 5, co obxecto de tratar un único asunto na orde do día:

- Prohibición do uso de teléfonos móbiles como mecanismo de comunicación entre o alumnado.

Preside a reunión o director do centro, Víctor Rodríguez Romero, e asisten as persoas que figuran na folla que se achega.

Víctor toma a palabra e explica aos asistentes que a reunión é para aprobar o protocolo elaborado a partir da orde que publicou recentemente a Xunta sobre o uso dos teléfonos móbiles nos centros escolares.

Recorda brevemente a lei xa existente sobre este tema e conclúe que o protocolo ten como novidade decidir que facer cando atopamos a un alumno incumprindo dita orde.

Neste protocolo perfilado no claustro pon que o alumno que incumpra a orde debe entregar en custodia o seu móbil apagado en dirección e será unha falta leve. Se a actitude do alumno non é adecuada pode resultar unha falta de maior gravidade.

Víctor continúa explicando que elaborouse un documento para cubrir neste proceso, axuda a ter un rexistro e cúbrenos de responsabilidades pois vai firmado polo alumno. Repártese dito documento entre os asistentes.

A xefa de estudos, Conchi, toma a palabra e recalca que o protocolo xa estaba activo pero agora amplíase as entradas, saídas, actividades complementarias e extraescolares. Na súa opinión esta prohibición é debida a que os alumnos están máis pendentes da pantalla que a relacionarse cos seus compañeiros.

Cando o teléfono sexa útil coma ferramenta didáctica avisarase as familias por Abalar.

María Vila pregunta se os nenos poden traer o móbil o instituto. Víctor responde que poden traelo pero debe estar gardado e sen son. Moitas familias precisan poder falar cos fillos ao saír do centro.

Purificación Casal comenta que lle parece moi ben o protocolo e que a súa filla non usa o teléfono ata a saída.

Amanda Cuadrado explica que ela trae o móbil ao instituto para ir a aula de informática e poder entrar no Gmail e no Canva.

María engade que é unha forma de usar o teléfono para traballar, non solo para as redes sociais.

Luís González toma a palabra e comenta que o protocolo está ben pero o problema é grande e tanto pais coma estudantes coma profesores precisan axuda neste tema para xestionar adecuadamente a ansiedade e o uso das novas tecnoloxías.

Víctor comenta que a solución igual tampouco é deixar os nenos sen móbil porque pode ser un modo de exclusión entre os seus iguais. Pero dende todas as áreas debemos educar no uso destas novas tecnoloxías. No instituto estase a traballar estes temas, o curso pasado participouse nun documental e os alumnos de bacharelato deron unha charla os alumnos de primeiro. Tamén algúns alumnos de cuarto da ESO participaron no reto de estar unha semana sen usar o móbil.

María Vila comenta que preguntou en varios institutos como ían levar a cabo esta orde e algúns gardan os móbiles nunha caixa na aula ao chegar, noutros son os pais os que deben ir recoller o móbil en custodia, ...

Luís conclúe que coa retirada do móbil estamos xerando unha responsabilidade nos xoves a cumprir unha norma non solo a controlar o uso do mesmo.

Por unanimidade apróbbase o protocolo.

Trala votación, dáse por rematada a sesión ás 11:40.

En Vigo, a 18 de xaneiro de 2024

O director

A secretaria:

Asdo.: Víctor Rodríguez Romero

Asdo.: Beatriz González de Paz